



AS CIENCIAS PERDEN, PERDEMOS TODOS

Tras a publicación da concreción da distribución de horas por materias, sen poder analizar os currículos educativos das materias (só existen a nivel estatal) a conclusión é: **As ciencias perden, perdemos todos!**

Nunha sociedade en pandemia con colectivos con pouca análise crítica e científico, que denostan as fontes oficiais e incluso mesmo a propia ciencia (antivacinas, etc), a Administración Pública baixa en todos os cursos o número de horas de ciencias.

Análise por cursos da etapa obrigatoria (ESO e Bacharelato) en canto á distribución de horas.

Na ESO

1º ESO. Perda dunha hora de Bioloxía e Xeoloxía pero cós mesmos contidos, polo tanto, mesma cantidade de materia en menos horas de docencia.

2º ESO. Incrementábase o perfil tecnolóxico pero non as biociencias.

3º ESO. Bioloxía e Xeoloxía só ten dúas horas para explicar toda a anatomía e fisioloxía humana máis a Xeoloxía, o que é totalmente insuficiente para abarcar os contidos do currículo desta materia neste nivel. Ademais, é o último curso no que as ensinanzas de Bioloxía e Xeoloxía son obrigatorias; isto fará que o alumnado que non curse Bioloxía e Xeoloxía en 4º da ESO (optativa) terá visto únicamente os contidos de 1º de ESO (3 horas semanais) e 3º de ESO (2 horas semanais), claramente insuficiente para chegar a ter unha mínima cultura científica ao alumnado de letras e humanidades para facer fronte ás necesidades de coñecementos científicos da sociedade actual.

4º ESO. Non se ofrece nas optativas autonómicas ningunha materia de ciencias. Ofértanse Filosofía, Cultura Clásica e Oratoria. Desaparece a materia de Cultura Científica (3 horas). Novamente o alumnado de letras e humanidades que, a pesar de non cursar itinerarios científicos si ten inquedanzas e curiosidade científica, vese privado duns mínimos coñecementos.

O último ano de 4º ESO os futuros cidadáns en plena pandemia, non terán coñecementos básicos de Bioloxía ou de Química. Por exemplo, se teñen que analizar unha situación coma unha pandemia ou unha erupción volcánica, non van ter uns coñecementos mínimos de Bioloxía, Xeoloxía, Química, Tecnoloxía ou Física.

Banquete de Conxo, 6

Apdo. 1130 15780 Santiago de Compostela tel.981 531 440 fax 981 534 225
info@biologosdeg Galicia.org www.biologosdeg Galicia.org

Análise por cursos da etapa obrigatoria (ESO e Bacharelato) en canto á distribución de horas.

En resumo os coñecementos de ciencias ao final da etapa obrigatoria para os alumnos de letras e humanidades suman 32 horas sobre un total de 128 horas. Só un 25% do seu horario de coñecementos obrigatorios de ciencias implican contidos sobre seres vivos, moléculas, minerais, forzas, biodiversidade, herdanza, epidemioloxía e cálculo. Pero ese tanto por cento non é igual en todos os cursos, é maior en 1º ESO (33%) é baixa ao longo da etapa, sendo mínimo en 4º ESO (12,5%).

No BACHARELATO

A cousa non mellora para o alumnado que non opta pola modalidade de Ciencia e Tecnoloxía. Só teñen 1 materia obrigatoria de Ciencias (Matemáticas) pero non en todas as modalidades. Por exemplo en Artes non hai ningunha materia de Ciencias obrigatoria, nin tan sequera por exemplo Anatomía Aplicada (de utilidade nas Artes). No resto de modalidades só teñen Matemáticas (4 horas) en diversos formatos.

Entre as de libre elección só aparecen materias de Ciencias na modalidade de Ciencias. Elímínase o coñecemento científico para as outras modalidades.

Nunha norma que aposta polos coñecementos sobre sustentabilidade, ecoloxía e coidado do medio ambiente, fai desaparecer unha materia optativa como era Ciencias da Terra e do Medioambiente. A dita materia reparte os seus contidos entre dúas materias, Bioloxía e Xeoloxía de 1º de bacharelato que pasa a denominarse Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Xeoloxía de 2º de bacharelato que pasa a denominarse Xeoloxía e Ciencias Ambientais. E isto sen aumentar o horario das ditas materias nin reducir ningún contido. MENOS HORAS PARA MÁIS CONTIDOS.

Dáse a circunstancia de que o alumnado de Ciencias non poderá cursar ao mesmo tempo dúas materias de Ciencias optativas, dado que só pode escoller 4 horas de optativas e Anatomía Aplicada e Cultura Científica son as dúas de 4 horas (o que sumaría 8 horas). En segundo de Bacharelato nas modalidades que non son de Ciencias (Humanidades e CC Sociais, Xeral e de Artes) teñen 4 horas obrigatorias de Ciencias, pero só de Matemáticas.

Por outra banda, mentres que os que non elixiron Ciencias non teñen materias de Ciencias obrigatorias os de Ciencias teñen 15 horas de contidos humanísticos obrigatorios (50% do horario). Asemade na anterior norma, podíase coller 5 materias de Ciencias, por exemplo, Matemáticas, Xeoloxía, Bioloxía, Física e Química. Coa nova isto é IMPOSIBLE, só poden cursar 3 (Matemáticas obrigatorias, é dúas materias máis). O alumnado de Ciencias só pode cursar un 50% de contidos de Ciencias, o máximo de materias de Ciencias que poden cursar na etapa postobrigatoria. Por último, simplemente sinalar en 2º de bacharelato, non aparecen optativas de Biociencias.

Análise por cursos da etapa obrigatoria (ESO e Bacharelato) en canto á distribución de horas.

EN RESUMO

O resultado final non é só unha perda de número de asignaturas e de horas. O resultado final é unha perda de formación científica para as novas xeracións, os contidos non poderán traballarse de forma aplicada (e nalgúns casos tampouco teórica), non se poderá traballar a divulgación científica (ao desaparecer Cultura Científica como optativa), non se poderán realizar prácticas de laboratorio ao perder unha hora semanal en 1º de ESO e manter unicamente 2 horas semanais en 3º de ESO.

En definitiva, a ciencia e o alumnado con inquiredanzas científicas e tamén os que non teñen esas inquiredanzas pero as poderían desenvolver, perde o lugar que lle correspondería no momento social no que nos atopamos. É difícil entender como, despois dun momento no que a ciencia foi quen de desenvolver a investigación nun tempo récord para chegar a vacinar a toda a poboación mundial, no noso país as ciencias perdan protagonismo.

Nun momento no que o negacionismo é cuestionar o evidente está cada vez máis presente, eliminar a ciencia das aulas desta maneira é completamente inxustificable; difícilmente poderemos conseguir unha sociedade informada en ciencia se lle negamos o acceso á ciencia nos centros educativos.

En resumo, os futuros cidadáns do noso país terán menos coñecementos de ciencias. **AS CIENCIAS PERDEN, PERO XA PERDEMOS TODOS.**

PROPOSTAS:

- 1. En 1º da ESO nas dúas horas de “disposición de centro” para reforzar contidos, propónse alomenos unha hora dunha materia de reforzo de ciencias.**
- 2. En 2º da ESO nas dúas horas de “disposición de centro” para reforzar contidos, propónse alomenos unha hora dunha materia de reforzo de ciencias.**
- 3. Incrementar unha hora de Bioloxía e Xeoloxía en 3º da ESO como se ten feito noutras comunidades.**
- 4. En 4º da ESO debería ofertarse Cultura Científica ou Ciencias Aplicadas (cunha orientación de formación profesional) como xa existían.**
- 5. Recuperar a materia de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente no Bacharelato de xeito que non sexa necesario que en Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato e Xeoloxía de 2º de bacharelato se dé contido ambiental.**